

**CONCELLO DE MEIRA**  
CIF:P2702900H  
Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf.: 982 330 102  
Fax: 982 104 090  
Enderezo electrónico: concello.de.meira@eidolocal.es

## **BANDO**

### **AXUDAS AO ALUGUER DE VIVENDA**

O martes día 30 de marzo saíu publicada no DOG a resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo sobre as axudas ao alugamento de vivenda do Plan estatal de vivenda 2018-2021.

### **BENEFICIARIOS**

- **Liña A:** axuda ao alugamento de vivenda destinada a persoas físicas maiores de idade que na data de presentación da solicitude cumpran os seguintes requisitos:
  - Ser titulares, en condición de persoa inquilina, dun contrato de alugamento de vivenda cunha duración mínima dun ano.
  - Que a vivenda arrendada constitúa a súa residencia habitual e permanente.
  - Que os ingresos das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia sexan iguais ou inferiores a dúas veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM). Este límite será de catro a cinco veces o IPREM se a unidade de convivencia é unha familia numerosa de categoría xeral ou ten persoas con discapacidade.
  - Que os ingresos mínimos da unidade de convivencia non sexan inferiores a 0,7 veces o IPREM.
- **Liña B:** axuda á mocidade para o alugamento de vivenda habitual e permanente, a súa finalidade é facilitar o acceso ao desfrute dunha vivenda digna e adecuada, en réxime de alugamento, a persoas menores de 35 anos que cumpran os requisitos da liña A.

### **CONTÍA DA AXUDA**

- **Liña A:** a contía de subvención será do **40 %** da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento. Non obstante, para as persoas beneficiarias que na data de presentación da solicitude teñan máis de 65 anos, esta axuda será do 50 % da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento.
- **Liña B:** a contía de subvención será do **50 %** da renda mensual que se deba satisfacer polo alugamento.

### **PRAZO DE SOLICITUDES:**

O prazo de presentación de solicitudes será **DUN MES**, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG.

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local nos teléfonos 982 34 62 22/982 33 36 01.

Meira, 07 de abril de 2021.



Asdo.: Antonio de Dios Álvarez.